

RÚBRICA PARA AVALIAR O MAPA DO CONCELLO IDEAL

ASPECTOS	Excelente (4)	Satisfactorio (3)	Ben (2)	Insuficiente (1)
Deseño	O deseño do mapa está moi coidado, os trazos son correctos, os nomes están correctamente rotulados e as cores que se empregan contribúen á comprensión.	O deseño do mapa está coidado, os trazos son correctos, a maioría dos nomes están correctamente rotulados e as cores que se empregan son axeitadas.	O deseño do mapa non está coidado, os trazos non están ben rematados, algúns nomes están correctamente rotulados e as cores que se empregan non contribúen á comprensión.	O deseño do mapa non está coidado, os trazos non son correctos, os nomes non están correctamente rotulados e as cores que se empregan non contribúen á comprensión.
Toponimia	Todos os topónimos están creados de acordo cos criterios traballados na fase de concexión e son moi orixinais.	A maioría dos topónimos están creados de acordo cos criterios traballados na fase de concexión e son orixinais.	Algúns topónimos están creados de acordo cos criterios traballados na fase de concexión e en xeral non son orixinais.	Poucos topónimos están creados de acordo cos criterios traballados na fase de concexión e non son orixinais.
Puntos de interese	No mapa aparecen recollidos os puntos de interese repartidos por todas as parroquias e son moi variados: naturais, culturais, deportivos e de ocio.	No mapa aparecen recollidos os puntos de interese repartidos por case todas as parroquias e están representados case todos os tipos.	No mapa aparecen recollidos os puntos de interese repartidos por case todas as parroquias pero non están representados moitos dos tipos.	Non hai puntos de interese por todas as parroquias e os que hai non recollen todos os tipos.
Agueiro	As páxinas de Agueiro están elaboradas con textos correctamente escritos e con imaxes que ilustran os contidos.	As páxinas de Agueiro están elaboradas con textos con poucos erros ortográficos e con imaxes que ilustran os contidos.	As páxinas de Agueiro están elaboradas con textos con erros ortográficos e as imaxes non ilustran os contidos.	As páxinas de Agueiro están elaboradas con textos con erros ortográficos en palabras de uso habitual e non hai imaxes que axuden a entender os contidos.



“Rúbrica para avaliar o mapa do concello ideal” do proxecto cREAgal, publícase coa

[Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)

